


1. Dado o circuíto da figura: Pintar cada circuíto cos valores, e resolve-los independentemente).

- Enuncia a lei de Ohm, indicando que magnitudes eléctricas principais relaciona
- Calcula-la intensidade I que circula e a potencia mínima(P) da fonte si E vale 5 V e $R= 100\ \Omega$.
- Calcula-lo valor da f.e.m. e a potencia mínima da fonte $I=100\text{ mA}$ e $R= 1\text{ k}$.
- Calcula-lo valor da resistencia e a potencia que se disipa nela si o valor de $E = 5\text{ V}$ e circula unha intensidade $I= 10\text{ mA}$.
- Calcula-lo valor de R e I , si o valor da f.e.m. da pila é $E=9\text{ v}$, e cede unha potencia de $1,8\text{ w}$.
- Calcula-lo valor de R e E si circulan $0,5\text{ A}$ polo circuíto, e na resistencia disíbase 1 w




2. No circuíto da figura: ¿Qué é común a tódalas resistencias?. ¿É sempre a caída de tensión igual en cada resistencia?. ¿ É sempre a suma das caídas de tensión igual a forza electromotriz da pila?. Enche a táboa que se adxunta como solución o circuíto que se mostra na figura(Pintar cada circuíto cos valores, e resolve-los independentemente).




	$E_1(\text{V})$	$I(\text{A})$	$R_1(\Omega)$	$R_2(\Omega)$	$R_3(\Omega)$	$V_{R1}(\text{V})$	$V_{R2}(\text{V})$	$V_{R3}(\text{V})$	$R_E(\Omega)$
1º	20		10	6	4				
2º		2	5	2	3				
3º	30	1				8		10	
4º		5			15		25		40
5º	8			10		2	4		
6º		4				8	16		12
7º	50		6		12			24	

3. No circuíto da figura: ¿Qué é común a tódalas resistencias?. ¿É sempre a caída de tensión igual en cada resistencia?. ¿ É sempre a suma das correntes por cada resistencia igual a corrente que subministra a pila?. Enche a táboa que se adxunta como solución o circuíto que se mostra na figura(Pintar cada circuíto cos valores, e resolve-los independentemente).



	$E_1(\text{V})$	$I(\text{A})$	$R_1(\Omega)$	$R_2(\Omega)$	$R_3(\Omega)$	$I_{R1}(\text{A})$	$I_{R2}(\text{A})$	$I_{R3}(\text{A})$	$R_E(\Omega)$
1º	20		20	20	10				
2º	30	5		30		2			
3º		20				2		3	40
4º		18		20	20		6		
5º	100		25					1	10
6º						6	14	10	90
7º				20	10	5			4

4. No circuito da figura, o motor consume 0,5 A, e a lámpada ten unha potencia de 1 w. O valor da resistencia do altofalante é de 6 Ω . Determina a potencia mínima que debe dar a pila, e a resistencia que presenta o circuito.



5. Calcula-la resistencia do bobinado de cobre dun motor, sabendo que ten unha lonxitude de 100 m e unha sección de 0,5 mm². (a resistividade do cobre é 0,0178 $\Omega \cdot \text{mm}^2/\text{m}$).
6. O corredor da nosa casa está iluminado por 3 lámpadas de 60 W cada unha. As lámpadas funcionan a unha tensión de 220 V. Pídesse :
- Forma correcta de agrupalas.(debuxar)
 - Resistencia de cada lámpada e do conxunto.
 - Intensidade por cada lámpada e do conxunto.
 - Potencia que debe subministra a pila.
7. A placa dunha cociña eléctrica marca que ten unha potencia de 5500 w e conéctase a unha rede de 220 v.Calcula-lo valor da corrente que circula por ela e o valor da súa resistencia. ¿ Cantos Kwh consumirá si permanece conectada durante 2 horas?.
8. Calcula-lo consumo de un ordenador acendido durante un día enteiro, si na placa de características pon o seguinte:
- Pantalla : $U_n = 220 \text{ v}$; $I_n = 1.4 \text{ A}$.
 - Equipo : $U_n = 220 \text{ v}$; $I_n = 1.0 \text{ A}$.